




# Ruta *Poza Piñeiro*

Lonxitude total: 6,8 quilómetros  
Tempo estimado: 150 minutos  
Dificultade: Media-alta



Poza de Piñeiro, final da ruta. Podemos parar a comer porque ten mesas. Vexetación de uceira nigrofla.

Poza Piñeiro

Antigo viveiro e restos do pinheiral de repoboación (*pinus sylvestris*)

Cortas zonas de semichan danos marxe para coller novas fozas.

Xa queda pouco. Parece que as pernas empezan a pesar pero nos espera un mercedo e bonito descanso.

Aquí si que a pendente e forte, pero vale a pena polas fermosas vistas do val que deixamos a espalda.

Zona cha e preto do final. Varemos un bonito val a nosa esquerda.

Comenza cunha zona de relativa forte subida. Dura pouco.

Piñeiro

Podes deixar o coche na esplanada que hai o lado do camposanto. Cruza a estrada a camiña.

hacia praia fluvial de Maceira

## Simbología

- Seguir por aquí
- Baixada pronunciada
- Subida pronunciada
- Camiño incorrecto
- Lugar para comer
- Quedate a contemplar
- Aquí tes auga
- Pode quedar o coche





# sendeirismo

Longitud do camiño: 6,8 quilómetros  
Tempo estimado: 160 minutos  
Dificultade: Media-alta



Esta estrutura artificial, converteuse co paso do tempo nunha zona de húmida de certo interese paisaxístico e natural, acadando o aspecto dun pequeno lago de montaña rodeado de penedía e mato.

**A** valgada que define o Rego de Piñeiro, na ladeira suroeste do Macizo de Bidueiros foi aproveitada para encorar a auga procedente da parte alta da Serra do Suído, e así dispoñer dela en reserva para cando se precisa na rega das terras agrícolas baixas da Parroquia de Piñeiro, creándose así o chamado Pozo ou Poza de Piñeiro.

A actual infraestrutura de rega, foi levantada sobre unha anterior máis pequena, O Puzo Vello, e mesmo chegou a haber unha familia que durante o verán vivía na serra coa misión de abrir a presa e administrar a auga de rega.


**Erica**  
*Erica tetralix*



A maiores do interese paisaxístico, o entorno da poza acolle formacións de mato higrofilo formado por uces de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*, e pequenas representacións da vexetación de turbeira. Na fauna destaca a presenza de troita (*Salmo trutta*) nas augas da poza, nas que tamén crían os alvancos (*Anas platyrhynchos*), mentres que a garza real (*Ardea cinerea*) é visitante ocasional. O mato compos-



**Lobo**  
*Canis lupus*



**Aguia Albella**  
*Circetus gallicus*


to por distintas especies de toxos e uces domina a vexetación do entorno, constituíndo a área de campeo do lobo (*Canis lupus*), e de varias especies de aves entre as que destaca a aguia albella (*Circetus gallicus*), o picanzo vermello (*Lanius collurio*).

A vexetación arbórea quedou reducida, despois de anos de lumes e pastoreo a pes illados de bidueiro (*Betula alba*), e grupos de salgueiros (*Salix atrocinerea*) nas beiras da poza.

Ademais na parte superior da valgada, resta un rodal de piñeiro bravo (*Pinus sylvestris*) testigo dos esforzos infructuosos de reforestación acometidos no conxunto da Serra do Suído, chegando a existir nos arredores da poza un viveiro de árbores e unha choza para acoller ós traballadores forestais que aínda se pode visitar.

Nembargantes, os maiores refiren antigamente unha maior abundancia da vexetación arbórea con amieiro (*Alnus glutinosa*), bidueiro (*Betula alba*), carballo (*Quercus robur*) cerquiño (*Quercus pyrenaica*) e acivro (*Ilex aquifolium*) no entorno do poza.

**Bidueiro**  
*Betula alba*



Ruta **Poza Piñeiro**



"A maxia dun destino"  
[www.riasbaixas.org](http://www.riasbaixas.org)

# Concello de Covelo



Concello de  
Covelo

[www.concellocovelo.es](http://www.concellocovelo.es)



Rías Baixas  
Turismo

[www.riasbaixas.org](http://www.riasbaixas.org)